

## O PROXECTO TOPONIMIA DE GALICIA\*

Fernando García Pazos e Xermán García Cancela  
*Coordinadores*

Este proxecto está promovido pola Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia e foi impulsado desde a Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública. Ten como obxectivo recoller toda a toponimia galega, incluída a microtoponimia, e confeccionar unha base de datos de referencia útil nos distintos eidos tanto na investigación coma en todas aquellas actividades relacionadas coa información territorial.

No proxecto colabora, achegando parte do financiamento, a Dirección Xeral de Políticas Lingüísticas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e tamén o SITGA, departamento de cartografía da S.A. para o Desenvolvemento Comarcal, que pon ao servizo do proxecto a infraestrutura cartográfica e informática necesaria.

O proxecto inclúe varias fases:

1. Recolleita no campo da información, realizada por persoal dependente do propio Proxecto ou achegado polos concellos.
2. Supervisión da información recolleita por parte da Comisión de Toponimia, para normalizar no posible as grafías.
3. Incorporación da información a unha base datos deseñada para unificar toda a información e permitir nun futuro todo tipo de consultas.
4. Aplicación dos topónimos á cartografía, mediante un sistema automatizado que permite referenciar cada topónimo aplicándolle as coordenadas xeográficas.

O proxecto arrincou no ano 2000 e actualmente (finais de 2003) preto de cien concellos están implicados na súa realización e máis de douscentos contan xa con información orientada ao inicio dos traballos.

Fernando García Pazos e Xermán García Cancela

---

Con el, a Xunta de Galicia afronta o reto de dar resposta á ameaza de desaparición que presenta este importantísimo patrimonio cultural, na líña do que a Real Academia Galega, con motivo da celebración das Letras Galegas do ano 2002, lembraba ao manifestar que «estamos ante unha emerxencia cultural».

O fin último consiste na elaboración dunha base de datos onde cada topónimo será:

- Catalogado lingüística e xeográficamente, segundo a realidade xeográfica que designe. A catalogación lingüística ofrecerá referencias fiables para investigadores e estudiosos da xeografía, a historia e a onomástica galegas, e servirá de punto de apoio ou de partida para múltiples investigacións.
- Normativizado lingüisticamente, co ditame da Comisión de Toponimia, para o seu uso correcto e uniforme en todo tipo de documentación.
- Localizado na cartografía para deixar constancia como elemento de identificación do territorio.
- Codificado para a súa utilización polos distintos organismos que traballan con información do territorio (investigación, ambiente, estatística, turismo, catastro, rexistro da propiedade, concentración parcelaria, rótulos, etc.)

A codificación xeográfica de cada topónimo e a súa identificación e localización cartográfica permitirá actualizar e incrementar a información existente nos mapas actuais, que amosan en xeral escaseza e imprecisión nas referencias topónomicas, o que dificulta e empobrece a lectura e utilización dos planos cartográficos.

#### Organismos públicos implicados

Á marxe das consellerías que actualmente financian o proxecto no proxecto teñen unha implicación de primeira orde os concellos, pois estratexicamente entendemos que estes, ao representaren o nivel máis próximo aos cidadáns, poden colaborar de xeito moi eficaz no bo fin do proxecto. De aí que a implantación se estea a levar a cabo concello a concello, en moitos casos aproveitando a rede das fundacións comarcais e a xestións dos xerentes destas, que serviron de introdutores diante dos responsables locais.

Ademais dos concellos, estableceronse contactos con outros departamentos da Xunta de Galicia, dos que se espera nun futuro algúns tipo de vinculación co proxecto, pois son varios os organismos que teñen na información topónomica unha base para os seus traballos (Política Territorial; Política Agroalimentaria e Desenvolvimento Rural; Cultura...).

*O proxecto Toponimia de Galicia*

### Accións sobre o territorio

Galicia conta con 29.580 km<sup>2</sup>, sobre o que asentan 315 municipios con superficies ben dispares: desde os apenas 2 km<sup>2</sup> de Mondariz Balneario (Pontevedra) aos más de 438 km<sup>2</sup> da Fonsagrada (Lugo). Sobre este territorio estímase que podemos atopar ben arriba do millón de topónimos, nomes que son recoñecidos como identificadores de distintos elementos do territorio.

Extensión territorial e densidade de toponimia son as dúas variables que determinan o noso plan de actuación no territorio.

Tendo en conta a primeira das variables podemos diferenciar catro grupos de concellos en función da súa extensión como observamos na seguinte táboa.

	Municipios	Extensión (km <sup>2</sup> )	% Superficie
GRUPO-1	130	6,60 a 68,39	6
GRUPO-2	109	68,22 a 122	49
GRUPO-3	63	124,3 a 220,55	39
GRUPO-4	13	máis de 220,56	15

Isto sérvenos de referencia para avaliar o tempo e os custos así coma os recursos e as fórmulas necesarias para afrontar os traballos en cada zona. Neste senso, están dentro dos obxectivos para o ano 2005 ter rematados os concellos correspondentes ao grupo 1 e parte do grupo 2, así como ter iniciados o resto dos grupos, con prioridade para os do grupo 4.

Para a posta en marcha do proxecto temos en conta catro fases, que van desde un momento inicial de difusión e presentación diante das autoridades locais ata un último proceso de introdución da toponimia na cartografía.

Nestes momentos, o proxecto ten presenza en 211 concellos, desagregados da seguinte maneira, segundo o número de concellos que están en cada fase:

Fases	Procesos	Nº concellos nesta fase	Nº concellos total
A	Fase de difusión	130	211
B	Actuación no territorio.	62	81
C	Normalización por parte da Comisión de Toponimia	13	19
D	Introducción da toponimia na cartografía (SITGA)	6	6

Fernando García Pazos e Xermán García Cancela

---

#### **FASE A. Difusión do proxecto**

Nesta fase os traballos céntranse na presentación do proxecto ás autoridades e técnicos locais (visitas concello a concello; presentación nos padroados comarcais...). Realízanse outras formas de divulgación mediante díptico, reportaxe na TVG, noticias en prensa, e proximamente unha web, que está en construcción.

A difusión a través das fundacións comarcais supuxo un avance importante xa que nos permitiu ampliar o coñecemento do proxecto a partir das xestións dos xerentes.

#### **FASE B. Desenvolvemento dos traballos do proxecto.**

Nesta fase inclúense os seguintes pasos:

- Consecución de recursos humanos e sinatura dun convenio de colaboración con cada concello. Supuxo unha ferramenta moi interesante a consecución de persoal a través do Plan Labora, un programa do departamento de Asuntos Sociais da Xunta de Galicia que permite contratar persoal durante un ano, nunhas determinadas condicións.
- Realización do traballo. Inclúe unha fase inicial de formación do persoal e un seguimento e coordinación dos traballos. Previamente á saída ao campo, faise un labor de baleirado de toda a información xa disponible (catastro, planos de concentración parcelaria, ...).
- Formación da base de datos de cada concello. A base de datos foi creada nos inicios do Proxecto para lle dar unha uniformidade á introdución de datos de procedencias tan diversas.


A evolución dos recursos humanos foi a seguinte:

- Ano 2000: contratación de 5 bolseiros para a recolleita de toponimia. Supuxo o momento de arrinque e de probar a metodoloxía deseñada.
- Ano 2001: contratación de 4 asistencias técnicas na S.A. para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia para os traballos de campo e 2 técnicos para labores de apoio á Comisión de Toponimia.
- Ano 2002: contratación de 5 asistencias técnicas para a recolleita de toponimia e 2 técnicos de gabinete durante 6 meses.
- Ano 2003: a recolleita en campo faise a través da contratación do persoal por parte dos concellos mediante o recurso, fundamentalmente, do PLAN LABORA. O Proxecto dispón de tres persoas, contratadas pola S.A. de Desenvolvemento Comarcal, para labores de coordinación.


*O proxecto Toponimia de Galicia*

Actualmente, máis de 80 persoas están a traballar no proxecto mercé á colaboración dos concellos que, como dixemos, achegan persoal procedente do *Plan Labora*.

Neste mapa vense os diferentes tipos de actuación nos concellos segundo os recursos humanos empregados.




O incremento do número de concellos que se sumaron ó proxecto neste último ano 2003 foi considerable, o que corrobora a validez da estratexia de actuación directa desde o concello. No seguinte gráfico queda constatada a súa importante evolución.



Deste xeito pretendemos no ano 2004 ter cerca dun 50% dos concellos involucrados no proxecto.

Fernando García Pazos e Xermán García Cancela



#### FASE C. Comisión de toponimia e normalización lingüística.

A supervisión dos datos por parte dos expertos (Comisión de Toponimia) redúcese, de momento, a trece concellos. Para facilitar os traballos realizouse unha aplicación informática que axuda á codificación lingüística da toponimia e posibilita o establecemento dun criterio de estudo e análise desta información.

Para axilizar estes traballos de normalización, está previsto crear un grupo de traballo que prepare os datos recibidos dos traballos de campo para a posterior supervisión da Comisión de Toponimia. Entre as posibilidades baralladas figura a de asinar un convenio de colaboración coa Real Academia Galega, que ten manifestado a súa vontade de colaboración co proxecto.

#### FASE D. Introducción da información na cartografía.

A introdución da información topográfica na ortofoto dixital permite a visualización de cada un dos topónimos no espazo xeográfico ao que se refire. Nestes momentos os concellos de Riós e o de Vigo teñen xa a súa toponimia neste formato e noutras catro concellos estamos no proceso de introducción.

As posibilidades que permite a consulta da toponimia a través da fotografía área son múltiples e o que finalmente se pretende é achegarles aos concellos e a todas as entidades interesadas a información nun soporte moi versátil e ao mesmo tempo de moi fácil actualización.

*O proxecto Toponimia de Galicia*



**A modo de conclusión**

A recuperación e conservación da microtoponimia como patrimonio lingüístico é unha tarefa na que debemos considerarnos implicados todos. O momento presente pode darnos conta da ameaza a que este patrimonio está sometido pero tamén das posibilidades de rescatalo do perigo de perda ou esquecemento.

E isto porque dispomos dos medios técnicos más adecuados e tamén das posibilidades que nos brinda a colaboración múltiple de diversos organismos. E, por riba de todo, co entusiasmo que desde a Comisión de Toponimia nos transmiten persoas que desde hai anos venen achegando, de forma desinteresada, o seu saber para que isto sexa posible.

Fernando García Pazos e Xermán García Cancela

**NOTAS**

\* Este relatorio foi presentado no Congreso de Onomástica, celebrado en Santiago de Compostela do 2 ao 4 de setembro de 2002. Por mor do tempo transcorrido entre a celebración do congreso e a edición das actas, consideramos oportuno actualizar os datos relativos ao Proxecto. Deste xeito, aquí reflíctese a situación de finais de 2003.